

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

IES VIRXE DO MAR (NOIA) - **15010812**

CURSO 2022-2023



Índice

INTRODUCCIÓN.....	4
CAPÍTULO I.....	5
1. PLAN ANUAL.....	5
1.1. Un espazo saudable para todos os membros da comunidade educativa.....	5
1.2. Actividade académica.....	5
1.3. Participación e comunicación entre os membros da Comunidade Educativa.....	6
1.4. Atención á Diversidade.....	7
1.5. Fomento e mellora da competencia lingüística.....	8
1.6. Potenciación de Linguas Estranxeiras.....	8
1.7. Fomento do emprego de ferramentas TIC.....	9
1.8. Colaboración cos centros educativos da contorna e con outras entidades: EOI, Concello, Administración, empresas	10
1.9 Afondar na coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.....	11
2. HORARIO XERAL DO INSTITUTO.....	12
2.1. Horario lectivo do centro.....	12
2.2 Horas e condicións da dispoñibilidade das instalacións para outros usos.....	12
2.3 Horario de verán.....	13
3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	14
3.1 Paradas do transporte escolar do IES Virxe do Mar.....	14
4. DATOS DA MATRÍCULA.....	16
CAPÍTULO II.....	17
5. DOC (DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO).....	17
CAPÍTULO III.....	18
7. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	18
8. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA.....	29

9. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.....	29
10. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO.....	29
11. PLAN ANUAL DE LECTURA.....	29

INTRODUCCIÓN

O IES Virxe do Mar, o noso centro é un referente cultural e académico dende a súa creación no ano 1928, tanto para Noia como para os concellos veciños, aquel Instituto de Ensino Medio, máis tarde Instituto Nacional, veu truncada a súa brillante traxectoria de plena integración na nosa Vila coa Guerra Civil.

As xestións municipais permitiron reiniciar a actividade dun instituto en Noia, e con data de 7 de Setembro de 1951 aparece publicado o Decreto que nos permite unirnos outra vez ao tren da cultura que unha vila como Noia merecía. Non dá tempo de poñer a andar o Instituto ese mesmo ano, pero no seguinte curso, 1952-1953, iníciase esa longa marcha que nos leva a celebrar, no curso actual 2022-2023, o 70 aniversario.

CAPÍTULO I

1. PLAN ANUAL

1.1. Un espazo saudable para todos os membros da comunidade educativa.

En este curso 2022-2023, non haberá un protocolo específico de adaptación ao contexto da Covid-19 no ámbito educativo. Non obstante, será preciso observar unha serie de recomendacións como son a hixiene de mans e a ventilación cruzada. Non debe esquecerse o excelente desempeño da comunidade educativa durante os cursos previos e a súa experiencia acumulada, o que permitiría a rápida implementación de medidas, de producirse escenarios epidemiolóxicos máis desfavorables que así o requiriran.

Obxectivos específicos:

- Dar a coñecer as recomendacións e facilitar a coordinación entre os servizos educativos e sanitarios a través do equipo COVID, se se producise un cambio de escenario epidemiolóxico, co fin de garantir unha resposta rápida e efectiva.
- Elaborar o Plan de Promoción de estilos de vida saudables para incluír dentro do proxecto educativo, que consistirá na planificación de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, por parte das alumnas e dos alumnos.
- Potenciar o uso por parte do profesorado dos medios de comunicación telemática proporcionados pola Consellería de Educación, así como a Aula virtual. Para isto, o profesorado de cada materia ou módulo experimentará co alumnado o uso destes medios, a empregar no caso de ter que desenvolver un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia.
- Proporcionar formación a todo o profesorado que o necesite para impartir docencia telemática en caso de confinamento.
- Actualizar os medios TIC do Centro, na medida das posibilidades.

1.2. Actividade académica

Os nosos obxectivos e liñas de actuación para o curso, serán os seguintes:

- Realizar avaliacións iniciais, tanto en ESO como en 1º de Bacharelato, a mediados de outubro, que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
- Avaliar periodicamente os resultados académicos nas distintas ensinanzas do Centro, para facer as propostas de mellora necesarias.
- Conseguir un adecuado clima de estudo e convivencia na aula e no Centro como medio para elevar os resultados académicos.
- Prestar especial atención ao alumnado con carencias no proceso de aprendizaxe e integración.
- Elaborar plans de reforzo individualizados do alumnado con materias pendentes, no que se incluírá un seguimento periódico.
- Desenvolver un traballo de seguimento e actualización dos documentos do Centro, en especial aos afectados polos cambios normativos: Concrecións Curriculares, Plan de atención a diversidade, Normas de Organización e Funcionamento, Plan Dixital, Plan de Lectura, Plan de Biblioteca, Plan de actividades físicas e hábitos saudables, Proxecto Lingüístico, ...
- Desenvolver os diferentes proxectos e plans nos que participa o Centro: Proxecto EDIXGAL, Plan Proxecta (Proxecto Terra, Correspondentes Xuvenis), Quérote+, PLAMBE, Polos Creativos, Acreditación LE, Intercambios Escolares (EduExchanges), Agrupacións de Centros Educativos de distintas Comunidades, ...
- Promover a aprendizaxe de linguas estranxeiras, tanto nas clases de idioma como nas seccións bilingües.
- Organizar a “Semana Cultural”. Durante esta semana todo o alumnado pode participar en actividades, talleres, conferencias, cine, teatro, pintura, concertos musicais, competicións deportivas, saídas didácticas, ...
- Retomar con normalidade, o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares: intercambios internacionais, viaxes de máis dun día de duración, magosto, celebracións de Nadal e Entroido...

1.3. Participación e comunicación entre os membros da Comunidade Educativa

Promoveremos unha maior implicación dos membros da Comunidade Educativa no proceso de aprendizaxe do alumnado. Os nosos obxectivos, liñas de actuación e recursos para o curso serán os seguintes:

- Promover unha maior implicación dos pais/nais do alumnado no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as, retomaremos as reunións presenciais cos titores/as e co equipo directivo,

manteremos o contacto a través da plataforma ABALAR, da páxina Web do Centro e atendendo as citas de tutorías, nas que os/as tutores/as comunican a información sobre o seu alumnado.

- Promocionar o a labor do Departamento de Orientación: o Plan de Acción Tutorial e a información sobre os itinerarios formativos mais axeitados aos intereses do alumnado, tanto durante a súa escolarización no Centro como ao remate dos seus estudos.
- Difundir e aproveitar as posibilidades comunicativas do Espazo ABALAR.
- Facilitar unha comunicación fluída entre pais/nais e tutores e profesorado en xeral.
- Retomar as reunións presenciais cos pais/nais de todo o alumnado de ESO e Bacharelato, co fin de mostrar o funcionamento do Centro e presentar os tutores/as dos seus fillos/as.
- Potenciar a comunicación coas familias para atallar o absentismo escolar.
- Coordinar o funcionamento dos Órganos de Goberno e Coordinación Docente.
- Impulsar o funcionamento da Xunta de Delegados.
- Dar publicidade de toda a información que lle afecte á comunidade educativa na páxina web do Centro.
- Fomentar a convivencia e participación no Centro difundindo as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC).
- Conseguir a máxima representación de todos os sectores no Consello Escolar.
- Potenciar medidas específicas cara á igualdade de xénero e a non discriminación. O Centro oferta unha materia de libre configuración en 2º de ESO, denominada “Igualdade de Xénero”.
- Actuar de forma decidida e contundente contra o acoso escolar.

1.4. Atención á Diversidade.

Para poder manter unha atención especial ao alumnado con dificultades de aprendizaxe e integración, propóñense os seguintes obxectivos e liñas de actuación:

- Desenvolver e aplicar o Plan de Xeral de Atención a Diversidade.
- Coordinar ao profesorado que leve a cabo actuacións relacionadas con medidas de atención á diversidade e reforzos educativos.
- Dispoñer horas de reforzo en competencia lingüística e en competencia matemática, contando co traballo do PT para alumnado con NEAE.
- Impulsar o seguimento mensual pola Xefatura de Estudos e tutores/as de nivel xuntamente co Departamento de Orientación.

- Ter en conta o alumnado con dificultades de aprendizaxe e integración no deseño de actividades, facilitando a súa participación.

1.5. Fomento e mellora da competencia lingüística

Co fin de mellorar a competencia lingüística en Lingua Galega e Lingua Castelá, propóñense os seguintes obxectivos específicos e liñas de actuación, que deben contar coa participación activa de toda comunidade educativa:

- Fomentar o uso da lingua galega no Centro, apoiando as iniciativas que para tal fin elabore o profesorado dos diferentes Departamentos Didácticos e o Equipo de Dinamización Lingüística.
- Mellorar a comprensión lectora do alumnado, a través das actuacións coordinadas entre distintos departamentos.
- Fomentar o gusto pola lectura entre o alumnado, retomando o uso da biblioteca, elaborando o Plan de lectura e Plan de Biblioteca.
- Mellorar a capacidade lectora e a súa transmisión en público. O Centro oferta a materia de libre configuración denominada “Oratoria” en 2º de ESO.
- Desenvolver a capacidade crítica na interpretación de textos escritos.
- Actualizar e manter ás subscricións ás publicacións periódicas segundo criterio do profesorado e do equipo de biblioteca.

1.6. Potenciación de Linguas Estranxeiras

Outro obxectivo xeral será promover a aprendizaxe de linguas estranxeiras, tanto nas clases de idioma como nas seccións bilingües. Para a súa consecución, os obxectivos específicos e liñas de actuación serán:

- Potenciar a aprendizaxe de linguas estranxeiras, facendo desdobramentos dos grupos máis grandes, de Francés (2º de ESO) e en Inglés (1º, 2º e 4º de ESO, 1º Bacharelato).
- Promover as SECCIÓNS BILINGÜES (Inglés) entre o alumnado que, aprobadas pola Administración Educativa, anualmente se desenvolven no Centro. Temos unha sección bilingüe en 1º de Bacharelato na materia de Filosofía con 40 matriculados/as. Debido a amortización dunha praza no Departamento de Artes Plásticas, tivemos que deixar de impartir a sección bilingüe de 3º ESO, Educación Plástica Visual e Audiovisual (inglés) con máis 25 alumnos/as que o solicitaron na matrícula.

- Neste curso tñíamos adxudicada unha auxiliar de conversa que renunciou a praza; estamos a espera que nos concedan outra. No caso de que se incorpore unha nova auxiliar, farase un seguimento do seu traballo, e unha valoración do aproveitamento por parte do alumnado das actividades realizadas.
- Potenciar a materia optativa de Francés no Bacharelato.
- Participación no programa Acreditación alumnado LE centros públicos. Orientación do alumnado por parte do profesorado de linguas estranxeiras para que poida presentarse a probas libres de nivel.
- Participación no programa de Intercambios Escolares EduExchanges presencial, como recurso para a aprendizaxe activa de linguas estranxeiras, un xeito natural para favorecer a convivencia e axudando a desenvolver unha personalidade máis rica e respectuosa cara a outras realidades e culturas.
- Informar á comunidade educativa que no Centro funciona pola tarde una Sección da Escola Oficial de Idiomas de Santiago.

1.7. Fomento do emprego de ferramentas TIC

En canto as Tecnoloxías da Información e da Comunicación teremos que levar a cabo os seguintes obxectivos e liñas de actuación, en colaboración co equipo TIC:

- Definir e coordinar as tarefas dos membros do Equipo de Dinamización TIC.
- Actualizar e renovar os equipamentos das aulas, racionalizando os recursos existentes en beneficio do maior número de alumnos/as e materias.
- Desenvolver canles de formación TIC para os usuarios.
- Mellorar a competencia dixital do alumnado en canto ao manexo das aulas virtuais como usuarios. Para isto en cada materia deberase comprobar que o alumnado sabe facer as tarefas, entregar os traballos, responder aos cuestionarios, subir arquivos, ..., en definitiva, utilizar as ferramentas dixitais, por se nalgún momento temos que pasar á ensinanza non presencial.
- Potenciar o uso das TIC como ferramenta didáctica, organizativa e de comunicación.
- Facer un seguimento do proxecto EDIXGAL en 1º, 2º e 3º de ESO.
- Fomentar o uso do software libre.
- Fomentar o uso da Aula Virtual, como unha ferramenta de traballo co alumnado.
- Usar as aplicacións ABALAR e a páxina web como medios de comunicación e información entre todos os membros da comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias).

- Implantar o Plan Dixital do Centro, co fin de mellorar a competencia dixital do alumnado e profesorado.
- Realizar reunións informativas, co fin de mellorar a formación TIC do profesorado do Centro, e, se é necesario, realizar grupos de traballo.

1.8. Colaboración cos centros educativos da contorna e con outras entidades: EOI, Concello, Administración, empresas ...

- Afondar na colaboración cos centros adscritos ao IES Virxe do Mar, para dar a coñecer a oferta educativa e orientar a súa escola, e así lograr unha boa integración do novo alumnado.
- Organizar actividades específicas dirixidas á integración do alumno de 6º de Primaria e 1º de Bacharelato dos centros adscritos.
- Ampliar e consolidar a relación de empresas dispoñibles para a Formación en Centros de Traballo do alumnado do ciclo formativo, CM de “Vídeo Dj Imaxe e Son”.
- Procurar novos xeitos de colaboración coas empresas e organización da contorna.
- Manter unhas relacións de colaboración e entendemento cos demais centros educativos da bisbarra e da localidade.
- Colaborar co Concello, na medida en que as circunstancias o permitan, na organización de actividades conxuntas, e manter unha relación fluída e constante, cara ao mantemento e a mellora da contorna urbana do instituto.
- Colaborar coas distintas entidades con fins socio-culturais da Vila de Noia: Casa da Cultura, Coliseo Noela, Liceo, ..., e manter o convenio anual co Concello.
- Colaborar coa extensión da Escola Oficial de Idiomas, EOI de inglés e francés, para que poidan desenvolver as súas actividades nas mellores condicións posibles. Coordinar o uso de aulas segundo as necesidades en temporada de exames, tanto en convocatorias ordinarias como extraordinarias.
- Convocar o concurso literario “Alberto Romasanta”, como todos os anos nos que participa alumnado do IES Campo de San Alberto xunto co noso. A entrega de premios ten lugar alternativamente cada ano no Centro ao que lle corresponde organizar o evento, este curso corresponde ao IES Campo de San Alberto. Ademais, como no curso anterior, ampliar á participación doutros centros da comarca.

1.9 Afondar na coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas

Este importante obxectivo xeral vaise desenvolver a través dos seguintes obxectivos específicos e liñas de actuación:

- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
- Analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller.
- Impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- Incidir na Igualdade de Xénero, promovendo unha educación que fomente o respecto entre o alumnado, coa contribución en maior ou menor medida de tódolos departamentos didácticos.
- Promover a materia de Igualdade de Xénero en 2º ESO, impartida polo Departamento de Filosofía dende hai catro anos, que está tendo boa acollida por parte do alumnado.
- Consolidar e aumentar a sección da biblioteca do Centro con libros e materiais didácticos relacionados con esta temática.
- Desenvolver dende o Departamento de Orientación actividades e charlas sobre a perspectiva de xénero.

2. HORARIO XERAL DO INSTITUTO

O Centro permanece aberto de luns a venres, dende as 08:15 ata as 14:45 h pola mañá, e tamén permanece aberto polas tardes cando menos entre as 15:30 h e as 22:00 h para impartir clases do Ciclo e da Extensión da Escola Oficial de Idiomas de Santiago, EOI.

As oficinas do Centro terán como horario de atención ó público de 9:00 ás 14:00 horas.

2.1. Horario lectivo do centro

Para ESO e BACH cada sesión terá unha duración de 50 minutos distribuídos de luns a venres en 6 sesións pola mañá (dende as 08:45 ás 14:25 h) e 2 sesións o luns pola tarde (dende as 16:20 ata as 18:00 h).

Para o CM de Vídeo DJ e Son, cada sesión terá unha duración de 50 minutos distribuídos de luns a venres en 6 sesións pola mañá (dende as 08:45 ás 14:25 h). Ademais o primeiro curso terá 3 sesións o luns e outras 3 o martes pola tarde (dende as 16:00 ata as 18:30 h) e o segundo curso terá 3 sesións o mércores pola tarde (dende as 16:00 ata as 18:30 h) para completar o horario.

Pola mañá programaranse dous recreos de vinte minutos cada un.

Resérvanse algunhas tardes para realizar as probas das materias pendentes.

Fóra de horario lectivo do IES, dado que neste Centro hai una sección da Escola Oficial de Idiomas de Santiago, o instituto permanece aberto ata case as 22:00 h xa que as clases da EOI rematan ás 21:30 h.

2.2 Horas e condicións da dispoñibilidade das instalacións para outros usos

Fóra de horario lectivo, o alumnado debe achegar un escrito xustificativo da necesidade e intención de uso das diferentes instalacións do Centro, escrito que a Dirección do Centro e o Consello Escolar valorarán e, aceptarán ou non, segundo as consideracións puntuais e oportunas.

As nosas instalacións poderán ser utilizadas polo Concello cando necesite puntualmente aulas para facer exames ou outras actividades, previa solicitude á Dirección do Centro. Neste curso aprobouse no Consello Escolar a cesión do ximnasio para realizar actividades deportivas para adultos.

De todos os xeitos, todo estará condicionado ao cumprimento das normas sanitarias e de seguridade que rexan no momento e ao propio Protocolo do Centro.

2.3 Horario de verán

Durante o mes de xullo o Centro permanece aberto de luns a venres dende as 09:00 h ata as 14:00 h, excepto no período de matrícula que se adiantará a apertura ás 08:30 h. No mes de agosto atenderase a través dun servizo de garda, constituído por un membro do Equipo Directivo e un membro da administración para atender as necesidades da Comunidade Educativa.

3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O transporte escolar é o único servizo complementario do que dispón o centro.

3.1 Paradas do transporte escolar do IES Virxe do Mar

RUTA: Sobreviñas, Sueiro, Argote, Costaneira, San Breixo, Cofradía
RUTA: Bergondo, Ponte de Argalo, Argalo-Cruce Igrexa, Cruce Beiro, Becollo, Figueira, Soutelo, Arxelles
RUTA: Rasa de Abaixo, Xílgara, Fialla, Sampaio, Roo, Villaverde
RUTA: Chaínza, Cruce Valbargos, Obre, Taramancos, Boa Grande, Boa Pequena

A utilización das rutas anteriores queda detallada nos informes que se engaden a continuación indicando o percorrido e o estatístico de alumnado por parada. O número de alumnos transportados é similar ó de anos anteriores, son un total de 121 usuarios/as.

Curso: 2022/2023			
ESTADÍSTICO DE ALUMNADO POR PARADA			
Contrato: ED1517		Empresa: UTE ESCOLAR GALICIA LOTE 17	
Tipo de servizo: Educación	Sentido: Entrada	Dobraxa: Non	Hora saída: 08:23
Días do servizo: Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres		Duración: 11	Acompañante: Non
Observacións do servizo: ED151731_02			

Ord	Parada	Km	Inf	Pri	ESO	CB	PF	EE	Outr	Tot
0	IES Virxe do Mar	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	COFRADIA	0,7	0	0	11	0	0	0	0	11
2	SAN BREIXO	0,7	0	0	3	0	0	0	0	3
3	COSTANEIRA	0,3	0	0	0	0	0	0	0	0
4	ARGOTE	0,3	0	0	5	0	0	0	0	5
5	SUEIRO	0,6	0	0	1	0	0	0	0	1
6	SOBREVINAS	2,0	0	0	2	0	0	0	1	3
* Totais:		4.52	0	0	22	0	0	0	1	23

* O número total de usuarios que fan uso do servizo pode variar con relación á suma do número de usuarios que fan uso de cada parada, no caso excepcional de que un alumno faga uso de máis dunha parada.

Curso: 2022/2023			
ESTADÍSTICO DE ALUMNADO POR PARADA			
Contrato: ED1517		Empresa: UTE ESCOLAR GALICIA LOTE 17	
Tipo de servizo: Educación	Sentido: Entrada	Dobrax: Non	Hora saída: 08:17
Días do servizo: Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres		Duración: 17	Acompañante: Non
Observacións do servizo: ED151730_02			

Ord	Parada	Km	Inf	Pri	ESO	CB	PF	EE	Outr	Tot
0	IES Virxe do Mar	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	BERGONDO	1,4	0	0	23	0	0	0	12	35
2	PONTE DE ARGALO	0,1	0	0	4	0	0	0	2	6
3	ARGALO-CRUCHE IGREXA	0,5	0	0	0	0	0	0	0	0
4	CRUCHE BEIRO	0,5	0	0	3	0	0	0	0	3
5	BECOLLO	0,5	0	0	0	0	0	0	1	1
6	FIGUEIRA	0,8	0	0	0	0	0	0	1	1
7	SOUTELO	1,6	0	0	0	0	0	0	0	0
8	ARXELLES	0,9	0	0	4	0	0	0	0	4
* Totais:		6.34	0	0	34	0	0	0	16	50

* O número total de usuarios que fan uso do servizo pode variar con relación á suma do número de usuarios que fan uso de cada parada, no caso excepcional de que un alumno faga uso de máis dunha parada.

Curso: 2022/2023			
ESTADÍSTICO DE ALUMNADO POR PARADA			
Contrato: ED1517		Empresa: UTE ESCOLAR GALICIA LOTE 17	
Tipo de servizo: Educación	Sentido: Entrada	Dobrax: Non	Hora saída: 08:03
Días do servizo: Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres		Duración: 31	Acompañante: Non
Observacións do servizo: ED151729_02			

Ord	Parada	Km	Inf	Pri	ESO	CB	PF	EE	Outr	Tot
0	IES Virxe do Mar	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	RASA ABAIXO	0,9	0	0	1	0	0	0	0	1
2	XILGARA	0,2	0	0	1	0	0	0	0	1
3	FIALLA	1,6	0	0	2	0	0	0	0	2
4	SAMPAIO	2,4	0	0	2	0	0	0	0	2
5	ROO	2,0	0	0	1	0	0	0	1	2
6	VILLVERDE	0,6	0	0	1	0	0	0	1	2
* Totais:		7.81	0	0	8	0	0	0	2	10

* O número total de usuarios que fan uso do servizo pode variar con relación á suma do número de usuarios que fan uso de cada parada, no caso excepcional de que un alumno faga uso de máis dunha parada.

Curso: 2022/2023			
ESTADÍSTICO DE ALUMNADO POR PARADA			
Contrato: ED1517		Empresa: UTE ESCOLAR GALICIA LOTE 17	
Tipo de servizo: Educación	Sentido: Entrada	Dobrax: Non	Hora saída: 15:58
Días do servizo: Luns		Duración: 11	Acompañante: Non
Observacións do servizo: ED151732_01			

Ord	Parada	Km	Inf	Pri	ESO	CB	PF	EE	Outr	Tot
0	IES Virxe do Mar	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	CHAINZA	1,0	0	0	4	0	0	0	2	6
2	CRUCHE VALBARGOS	0,3	0	0	2	0	0	0	1	3
3	OBRE	0,3	0	0	5	0	0	0	2	7
4	TARAMANCOS	1,9	0	0	1	0	0	0	1	2
5	BOA GRANDE	1,7	0	0	11	0	0	0	3	14
6	BOA PEQUENA	0,4	0	0	6	0	0	0	0	6
* Totais:		5.5	0	0	29	0	0	0	9	38

* O número total de usuarios que fan uso do servizo pode variar con relación á suma do número de usuarios que fan uso de cada parada, no caso excepcional de que un alumno faga uso de máis dunha parada.

4. DATOS DA MATRÍCULA

Total de alumnado matriculado: 386

A distribución é a seguinte:

Nivel	Grupo A	Grupo B	Grupo C
1º ESO Total 49	24	25	---
2º ESO Total 58	29	29	---
3º ESO Total 55	20+10(PDC)	25	---
4º ESO Total 54	25	29	---
1º BACH Total 69	21	25	23
2º BACH Total 67	22	22	23
1º CICLO Vídeo DJ Total 21	21	---	---
2º CICLO Vídeo DJ Total 13	11+ 2(FCT)	---	---

CAPÍTULO II

5. DOC (DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO)

O Documento de Organización do Centro correspondente ao curso actual será enviado á Inspección Educativa.

Este documento estará en Secretaría a disposición de calquera membro da comunidade educativa.

CAPÍTULO III

7. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

1.- INTRODUCCIÓN

As actividades complementarias e extraescolares son as que serven para complementar a formación do alumnado. Comprenden tanto as realizadas no horario lectivo e dentro do recinto educativo (chamadas complementarias) como as realizadas fóra del , ou fóra das instalacións do centro (chamadas extraescolares).

Neste documento reflíctense todas as actividades que se programan en todos os niveis e/ou departamentos de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Ciclo,

Ademais de todas as actividades que aparecen neste documento, ao longo do ano poden aparecer outras ofertadas por diferentes organismos que tamén se levarán a cabo coa colaboración deste departamento. Con posterioridade serán reflectidas na memoria final de curso.

Con respecto ás celebracións de obrigado cumprimento, faremos:

- O 28 de outubro: O magosto .
- O 25 de Novembro: Día contra a Violencia de Xénero
- O 30 de xaneiro; Día da Paz
- O 8 de marzo: Día Internacional da Muller
- O 2 de maio: Día contra o Acoso Escolar
- A semana do 17 de maio: As Letras Galegas
- O 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente.
- A Semana Cultural, no terceiro trimestre.

Engadir que o Concello de Noia sempre invita aos Centros educativos da Vila a participar no visionado de curtas presentadas ao Certame que organiza o propio Concello. O día que estea destinado ao IES Virxe do Mar, acudiremos á convocatoria no Coliseo Noela, con alumnado dalgún nivel educativo de ESO, Bacharelato e Ciclo.

As actividades sinaladas en cor son as de longa duración; implican pasar a noite fóra do Centro.

2.- COORDINACIÓN E COLABORADORES.

A coordinación das actividades complementarias é asumido pola vicedirectora do centro e tamén profesora de Bioloxía e Xeoloxía Raquel Troitiño Barros.

Ademais colaborarán os/as coordinadores/as da Biblioteca e do Equipo de Dinamización Lingüística, así como todo o equipo directivo.

3. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES POR DEPARTAMENTOS

3.1.- DEPARTAMENTO DE ARTES PLÁSTICAS E VISUAIS

ACTIVIDADE	GRUPOS	DATA/TRIMESTRE
Saída ao Centro do Gravado	1º e 2º Bacharelato(alumnado de Debuxo Artístico)	2º ou 3º Trimestre
Visita a museos que poidan xurdir	1º e 3º ESO 1º e 2º Bacharelato	Calquera trimestre
Visita a unha sala de proxección cinematográfica	3º ESO	1º Trimestre

3.2.- CICLO

ACTIVIDADE	GRUPOS	DATA/TRIMESTRE
Asistencia á Mostra de Curtas da Vila de Noia 2022	1º e 2º ciclo	2º Outubro 1º trimestre
Charlas dos nominados aos Premios Mestre Mateo 2023	1º e 2º ciclo	Mes de febreiro 2º trimestre
	1º e 2º ciclo	Calquera trimestre

Asistencia a eventos ou festivais audiovisuais		
Primeiros auxilios	1º e 2º ciclo	1º Trimestre

3.3. -DEPARTAMENTO DE CIENCIAS NATURAIS

ACTIVIDADE	GRUPOS	DATA/TRIMESTRE
Viaxe a Canarias(Erasmus plus)	8 alumnos/as de 15 a 17 anos	Do 17 ao 21 de abril
Estudo de ecosistemas mariños (Testal)	4º ESO	2º Trimestre
Ruta botánica polas beiras do Traba	1º ESO	3º Trimestre (Semana Cultural posiblemente)
Conferencia sobre Parques naturais e visita ao Parque Natural de Corrubedo	1º ESO	3º Trimestre
Visita ao Parque Natural das Illas Atlánticas	1º ESO	3º Trimestre (Semana Cultural posiblemente)
Conferencia para conmemorar o Día Mundial do Planeta e do ADN	4º ESO	3º Trimestre (Finais de abril)
Obradoiro de educación afectivo-sexual (Querote +) (En colaboración co Departamento de orientación e Lingua Galega)	3º ESO	Calquera trimestre
Roteiro xeolóxico pola Vila de Noia	1º Bacharelato (Alumnado de Bioloxía)	1º Trimestre
Visita Á Coruña (Museos Científicos ou laboratorios de investigación)	1º Bacharelato (Alumnado de Anatomía Aplicada)	3º Trimestre

3.4.- DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

Non programa actividades complementarias e extraescolares.

3.5.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Fai a súa propia programación de actividades.

3.6.- EQUIPO DA BIBLIOTECA

Fai a súa propia programación de actividades.

3.7.- DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

ACTIVIDADE	GRUPOS	DATA/TRIMESTRE
Viaxe semana branca a unha estación de esquí en Andorra	4ºESO 1º BACH Máximo 100 alumnos/as	A mediados de marzo, coincidindo coas xuntas de avaliación
Marcha de sendeirismo nas Illas Cíes en colaboración co departamento de Ciencias.	1º ESO	A final de curso, nos últimos días de clase
Marcha de sendeirismo pola cascada do Rio Toxa / Oseira ou Carboeiro(en colaboración co Departamento de Xeografía e Historia)	2º ESO	2º ou 3º Trimestre

3.8.- DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

ACTIVIDADE	GRUPOS	DATA/TRIMESTRE
Viaxe Lingüístico (Posible)	Alumnado de Filosofía Bilingüe	2º Trimestre (Coincidindo coa viaxe a Andorra)
Viaxe a Lisboa	8 alumnas (das que foron a Aveiro)	1º Trimestre (do 14 ao 17 de Novembro)

3.9.- DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

ACTIVIDADE	GRUPOS	DATA/TRIMESTRE
Visita á Casa das Ciencias, Domus, Aquarium Finisterre (A Coruña)	3º ESO	Calquera
Conferencias de temas relacionados coa Física e Química que se oferten	Todos	Calquera
Visita guiada ao CIQUS (Santiago)	1º Bacharelato	Calquera, según oferta.
Visita ao Muncyt	4º ESO	Calquera

(A Coruña)		
-------------	--	--

3.10.- DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

ACTIVIDADE	GRUPOS	DATA/TRIMESTRE
Recibimento Franceses do INTERCAMBIO	1º BAC, 4ºESO Alumnado de Francés	6-11 de febreiro 2º trimestre
Teatro La Salle en Santiago. Veremos: <i>Le Tour du Monde de Nellie Bly</i>	3ºESO, 4ºESO, 1ºBAC, 2BAC Alumnado de Francés	27 de febreiro 2º trimestre
Contacontos «Conte avec moi»	3ºESO, 4ºESO, 1º BAC Alumnado de Francés Alumnado do IES Campo de San Alberto	Data entre o 27/2 e o 3/3 (2 horas no noso IES) 2º trimestre
Teatro La Salle en Santiago. Veremos: <i>Le Petit Prince</i>	1º e 2º ESO Alumnado de Francés	11:30 20/04/2023 3º trimestre
Viaxe a Francia de INTERCAMBIO	1º BAC, 4ºESO Alumnado de Francés	24-29 de abril 3º trimestre
Unidade Didáctica «La marinière» Degustación de crêpes	3ºESO, 4ºESO Alumnado de Francés	Semana Cultural 3º trimestre
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS		
Exposición de Postais de Nadal e Bos Desexos de Aninovo.	1º, 2º e 3º ESO Alumnado de Francés	9-22 de decembro 1º trimestre
Celebración da Semana da Francofonía	Todo o alumnado de Francés	20-24 de marzo 2º trimestre
Celebración do Día da Muller, Día da Paz, etc	Todo o alumnado de Francés	Según corresponda
Colaboración na Ginkana da Semana Cultural	1º,2º,3º e 4ºESO Alumnado de Francés	Semana Cultural 3º trimestre

3.11.- DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Non programa actividades.

3.12.- DEPARTAMENTO DE LATIN-GREGO

Non programa actividades

3.13.- DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA CASTELÁ

ACTIVIDADE	GRUPOS	DATA/TRIMESTRE
Asistencia a representacións teatrais	Todos os grupos da ESO e 1º Bacharelato	Calquera trimestre
Visita á biblioteca municipal	2º ESO e 3º PDC	1º Trimestre
Encontro cun autor de banda deseñada	4º ESO e 3º PDC (dous encontros diferentes, o primeiro en castelán e o segundo en galego; este último en colaboración cos departamentos de Lingua galega e Debuxo)	Calquera trimestre (Por determinar)
Participación no programa Prensa- Escuela de La Voz de Galicia	1º, 2º e 3º PDC (ESO)	Todo o curso
Participación no concurso de relatos Coca-cola	2º ESO	2º e 3º Trimestre
Intercambio epistolar co IES Pedra da Aguia de Camariñas. Traballo nun proxecto común e posterior encontro do alumnado. (Os alumnos de Noia irán a Camariñas e os de Camariñas virán a Noia, onde o noso alumnado lles fará un roteiro guiado pola vila)	Intercambio de cartas: 3º ESO A + B + PDC Excursión e roteiro: 3º PDC	Intercambio epistolar: todo o curso Excursión e roteiro: 2º e 3º Trimestre
Participación no Plan Proxecta "Correspondentes xuvenís", que inclúe encontros	3º PDC	Encontros formativos: 2º trimestre

formativos durante o curso e unha convivencia a final de curso		Encontro de convivencia e formación: final de curso (fin de semana que estableza a organización do programa)
Visita á biblioteca Ánxel Casal de Santiago	3º PDC	Calquera trimestre (Por determinar)
Recital poético con motivo do Día da poesía	Todos os cursos	Arredor do 21 de marzo
Celebración do Día do Libro: elaboración e proxección de Booktrailers e elaboración de carteis ou montaxes dixitais inspirados no reto #bookfacefriday.	Todos os cursos	Durante o mes de abril (todo o mes)
Visita ao museo Verbum de Vigo	1º Bacharelato	Calquera trimestre (Por determinar)
Visita á casa museo de Emilia Pardo Bazán en A Coruña	1º Bacharelato	Calquera trimestre (Por determinar)
Participación nalgunhas das actividades do Proxecto Terra (en colaboración co departamento de Xeografía e Historia)	3º PDC	Calquera trimestre (Por determinar)

Encontros con autores que poidan surxir durante o curso	ESO e 1º Bacharelato	Calquera trimestre (Por determinar)
---	----------------------	---

3.14.- DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA

ACTIVIDADE	GRUPOS	DATA/TRIMESTRE
Representacións teatrais	Calquera grupo e nivel	Calquera trimestre (Por determinar)
Visita á Illa de San Simón	4º ESO e 1º Bacharelato	2º Trimestre
Obradoiro de Videopoesía	4º ESO e alumnado de Literatura do século XX e actualidade	2º Trimestre
Encontros coa nova poesía galega	2º Bacharelato e alumnado de Literatura do século XX e actualidade	3º Trimestre
Semana das Letras Galegas	Todo o alumnado	3º Trimestre
Participación no concurso "Youtubeiras"	Calquera nivel	1º Trimestre
Participación no Olloboi. Festival audiovisual escolar	Alumnado de Literatura do século XX e actualidade	3º Trimestre
Roteiro por Santiago de Compostela con Manolo Gago	1º Bacharelato	Calqueta trimestre (Por determinar)
Entrevista con Carlos Negro (promovida a través da Editorial Xerais)	3º ESO	Calquera trimestre (Por determinar)
Obradoiro Afectivo-sexual (Colaboración co departamento de Orientación e Ciencias Naturais)	3º ESO	Calquera trimestre (Por determinar)

3.15.- DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

ACTIVIDADE	GRUPOS	DATA/TRIMESTRE
Olimpíada matemática	2º ESO	3º Trimestre

3.16.- DEPARTAMENTO DE MÚSICA

ACTIVIDADE	GRUPOS	DATA/TRIMESTRE
Musiqueando	2º, 3º, 4º ESO	Calquera Trimestre (Por determinar)
Encontros do alumnado de Música	2º, 3º e 4º ESO	Calquera Trimestre (Por determinar)
Concertos (Organizados polo Concello ou similares)		Calquera Trimestre (Por determinar)
Cine Musical	4º ESO	Calquera Trimestre (Por determinar)
Proxecto Competencial	1º ESO	2º ou 3º Trimestre
Proxecto Competencial (Ruta pola contorna de Noia)	3º ESO	2º ou 3º Trimestre

3.17.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ACTIVIDADE	GRUPOS	DATA/TRIMESTRE
CHARLAS ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL	TODOS OS GRUPOS	2º Trimestre
XORNADA DE PORTAS ABERTAS	ALUMNADO DE 6º DE PRIMARIA DO CENTRO ADSCRITO	3º Trimestre
OBRADOIRO “COMO MANEXAR O ESTRÉS NOS EXAMES”	2º BACHARELATO	10, 17 E 24 de Outubro
OBRADOIRO DE EDUCACIÓN	3º ESO	Calquera trimestre

AFECTIVO – SEXUAL (QUÉROTE +)		
Charlas sobre acoso escolar e uso de novas tecnoloxías	ESO (Por determinar)	2º Trimestre
A PONTE ENTRE O ENSINO MEDIO E A USC	2º BACHARELATO	2º Trimestre
PLAN NAVEGA CON RUMBO	1º ESO	1º Trimestre

OBSERVACIÓNS:

A proposta de actividades extraescolares e complementarias, polas características propias do departamento, ten un carácter provisional e moi dependente das necesidades do alumnado, oferta de actividades dentro dos diferentes ámbitos, e moi suxita a outras variables difíciles de contemplar a priori.

Neste curso académico en colaboración coa titora de PDC e membro do Departamento solicítuse dende orientación o Proxecta “Correspondentes Xuvenís” en colaboración co Espazo Xove de Noia, polo que procuraremos a través deste Plan (se o conceden) que o alumnado participe máis, se cabe, nas actividades de ocio e culturais que se oferten na contorna e que serán difundidas no IES a través do grupo de alumnado de 3º de Diversificación.

3.18.- DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

ACTIVIDADE	GRUPOS	DATA/TRIMESTRE
Viaxe a Fátima(con visita a Braga, Guimaraes, Coimbra, Fátima e Valença)	1º, 2º e 3º ESO	1º Trimestre 27, 28, 29 Outubro
Visita a Santiago e Padrón	4º ESO	1º Trimestre (Decembro)
Percorrido por Noia (Templos de Noia)	Todos	Calquera trimestre
Día do Bocata	Todos (alumnado de Relixión e Valores Éticos)	2º Trimestre

3.19- DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

ACTIVIDADE	GRUPOS	DATA/TRIMESTRE
Visita ao Centro de interpretación das Minas de San Fins(Lousame)	Tecnoloxía 2º ESO	3º Trimestre
Visita ás instalacións do Ministerio de Defensa, EVA 10, (Iroite)	Tecnoloxía e TIC de 4º ESO	2º Trimestre
Visita ás instalacións de Aluminios Cortizo (Padrón)	Tecnoloxía e Enxeñería 1º Bacharelato TIC 2º Bacharelato	1º Trimestre
Visita ao Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes CITIUS (Santiago)	TIC de 1º e 2º Bacharelato	2º Trimestre

3.20.- DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

ACTIVIDADE	GRUPOS	DATA/TRIMESTRE
Visita a METEO- GALICIA	1ºESO	1º Trimestre
Visita á Catedral (Santiago)	Alumnado de 2º de bacharelato de Arte	1º Trimestre (decembro, finais)
Visita ao Parlamento de Galicia (Santiago)	4º ESO	1º Trimestre
Visita (probable) a Museos (Madrid)	Alumnado de 2º de bacharelato de Arte	2º Trimestre (xaneiro)
Visita á Cidade de Santiago de Compostela	2º ESO	2º Trimestre ou Semana Cultural
Proxecto Terra	3º ESO	3º Trimestre
Visita a Lugo	1º ESO	3º Trimestre(final de curso)
Oseira ou Carboeiro (en colaboración con CCNN ou/e Educación Física)	2º ESO	2º ou 3º Trimestre

8. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA

Dentro do “Proxecto de fomento do uso do galego” elaborado polo Equipo de Dinamización Lingüística do Galego recóllense as seguintes actividades en relación cos obxectivos que se pretende cumprir:

Obxectivos e accións relacionadas con eles:

1. Promover o coñecemento científico sobre as competencias, os usos e as actitudes da comunidade educativa respecto da lingua galega.

1.1. Deseño, realización e análise dunha enquisa sociolingüística para a comunidade educativa, co fin de coñecer as competencias, os usos, as actitudes e as necesidades detectadas en relación coa lingua galega. Esta actividade realizarase ao longo de todo o curso escolar.

2. Incidir na capacitación lingüística da comunidade educativa, fundamentalmente no colectivo do alumnado, a través de iniciativas que favorezan a transmisión de competencias lingüísticas interxeracionais.

2.1. Campaña de difusión do coñecemento léxico (ex. toponimia) e fraseolóxico (ex. fraseoloxía, refraneiro) da comunidade educativa coa axuda de estratexias comunicativas e fórmulas atractivas para o alumnado e que incidan na transmisión interxeracional dentro da nosa comarca. Esta actividade realizarase ao longo de todo o curso escolar.

2.2. Colaboración interinstitucional (co Concello de Noia, coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, coa Deputación da Coruña) e asociativo para a realización de eventos e actividades relacionadas coa mellora das competencias, dos usos e das actitudes relacionados coa lingua galega. Esta actividade realizarase ao longo de todo o curso escolar.

3. Favorecer o uso da lingua galega en distintos contextos formais e informais relacionados coa vida do centro e coa vida comunitaria.

3.1. Revisión lingüística da sinalética e da documentación básica do centro co fin de actualizar a redacción para reforzar a calidade da lingua, a incorporación da linguaxe non-sexista e a redacción nunha linguaxe cidadá comprensible e próxima para as familias do noso alumnado. Realízase ao longo de todo o curso escolar.

3.2. Participación en concursos audiovisuais que estimulen a produción do alumnado en lingua galega (ex. III Certame GaleTikTokers do Concello de Ames). Realízase principalmente no 1º trimestre.

3.3. Colaboración nos eventos culturais organizados polo centro arredor das festas do calendario anual co fin de incidir no uso vehicular do galego en espazos de lecer (ex. magosto, Samaín, Nadal, Entroido...). Realízase ao longo de todo o curso escolar.

3.4. Participación en concursos e accións colectivas relacionados con valores co fin de estimular o uso da lingua a espazos de democratización social (ex. concursos do 25 de novembro, co gallo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero; concursos do 8 de marzo, co gallo do Día Internacional da Muller). Realízanse ao longo de todo o curso escolar.

3.5. Obradoiro de rap en galego (promovido pola deputación da Coruña a través da Asociación Vella Escola). Esta actividade realizarase con 3º da ESO no 1º trimestre (previsiblemente o venres 21/10/22).

3.6. Creación e difusión de listas de reprodución de música en galego para o seu uso nos distintos eventos organizados polo centro. Realízase ao longo de todo o ano.

3.7. Colaboración na organización da XXVIII edición do Concurso Literario Alberto Romasanta, en colaboración co EDL do IES Campo de San Alberto (Noia). Esta actividade desenvólvese no 2º trimestre.

3.8. Colaboración na organización de actividades relacionadas coa educación afectivo-sexual do alumnado co Departamento de Orientación (ex. actividades e sesións dinamizadas por Quérote+). Esta actividade realízase previsiblemente no 2º trimestre.

4. Sensibilizar a comunidade educativa co fin de favorecer un maior nivel de concienciación e de apego coa nosa lingua propia, valorándoa como expresión do noso patrimonio e como vínculo de comunicación comunitaria.

4.1. Mantemento do taboleiro de novas do EDL co fin de difundir os eventos e accións relacionados co proceso de normalización social da lingua e mais de condenar as accións contrarias a este proceso. Desenvólvese ao longo de todo o curso escolar.

4.2. Mantemento do espazo web do centro co fin de difundir as accións dinamizadoras en aberto para todos os axentes da comunidade educativa. Desenvólvese ao longo de todo o curso escolar.

4.3. Coordinación interdepartamental co fin de amplificar o eco e a participación das accións dinamizadoras organizadas e difundidas desde o centro a prol da lingua galega. Desenvólvese ao longo de todo o curso escolar.

4.4. Organización de roteiros históricos, culturais, literarios, toponímicos... abertos á participación do alumnado, do profesorado e das familias co fin de reforzar o apego co territorio e cos seus valores patrimoniais e constituír un contexto galego-falante en ámbitos asociados co lecer. Desenvólvese ao longo de todo o curso escolar.

5. Dar a coñecer a produción literaria, teatral, cultural e audiovisual en lingua galega entre a comunidade educativa.

5.1. Selección e difusión de lecturas e outros recursos culturais en lingua galega relacionadas cos motivos temáticos asociados ao calendario escolar e coas actividades en que participa o centro (Día da Saúde Mental, Entroido, nadal...). Desenvólvese ao longo de todo o curso escolar.

5.2. Colaboración na organización de obras teatrais en lingua galega para o alumnado (Ex. Bicos con lingua, O porco de pé etc.). Esta actividade desenvólvese ao longo do curso escolar en función das axendas dispoñibles e da oferta teatral programada.

5.3. Colaboración na organización dos eventos de centro relacionados coa celebración do Día das Letras Galegas 2023, dedicado a Francisco Fernández del Riego. Esta actividade realízase en colaboración co Departamento de Lingua Galega e coa Biblioteca María Mariño. Esta actividade realízase no 3º trimestre.

	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
1.1. Deseño, realización e análise dunha enquisa sociolingüística.	x	x	x
2.1. Campaña de difusión do coñecemento léxico e fraseolóxico da comunidade educativa.	x	x	x
2.2. Colaboración interinstitucional e asociativo para a realización de eventos e actividades.	x	x	x
3.1. Revisión lingüística da sinalética e da documentación básica do centro	x	x	x
3.2. Participación en concursos audiovisuais que estimulen a produción do alumnado en lingua galega.	x		
3.3. Colaboración nos eventos culturais organizados polo centro arredor das festas do calendario anual.	x	x	x
3.4. Participación en concursos e accións colectivas relacionados con valores co fin de estimular o uso da lingua a espazos de democratización social.	x	x	x
3.5. Obradoiro de rap en galego.	x		
3.6. Creación e difusión de listas de reprodución de música en galego nos distintos eventos organizados polo centro.	x	x	x
3.7. Colaboración na organización da XXVIII edición do Concurso Literario Alberto Romasanta.		x	
3.8. Colaboración na organización de actividades relacionadas coa educación afectivo-sexual.		x	
4.1. Mantemento do taboleiro de novas do EDL.	x	x	x
4.2. Mantemento do espazo web do EDL.	x	x	x
4.3. Coordinación interdepartamental co fin de amplificar as accións dinamizadoras a prol da lingua galega.			
4.4. Organización de roteiros históricos, culturais, literarios, toponímicos... abertos.	x	x	x
5.1. Selección e difusión de lecturas e outros recursos culturais en lingua galega.	x	x	x
5.2. Colaboración na organización de obras teatrais en lingua galega para o alumnado.	x	x	x
5.3. Colaboración na organización dos eventos de centro relacionados coa celebración do DLG 2023.			x

9. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Durante este curso desenvolverase a liña de traballo “Competencia dixital”, dentro do Plan de Formación do Profesorado, co obxectivo de implementar o Plan Dixital. Os contidos principais serán:

- Uso de ferramentas dixitais corporativas.
- Deseño e mantemento da web do centro.
- Mantemento da infraestrutura do centro.

Dentro dos obxectivo do Plan Dixital prevese a formación do proxecto E-Dixgal por parte do Coordinador ou, se é necesario, a formación dun grupo de traballo, e que terá como finalidades:

- Dominar as ferramentas propias do Proxecto E-Dixgal.
- Propiciar accións formativas de aula dentro do Proxecto E-Dixgal

Ademais no primeiro trimestre, en canto a formación individualizada do profesorado, será necesario participar no curso “Elaboración de programacións coa aplicación informática PROENS”, ofertada polo CAFI.

10. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO

A Formación en Centros de Trabajo trátase do derradeiro módulo que ten que cursar o alumnado de todos os ciclos de Formación Profesional creados ao abeiro da LOMLOE. No currículo publicado polo Consellería de Educación para o ciclo de Vídeo DJ e Son, este módulo conta cunha asignación total de 410 horas, que se realizan ao longo do terceiro trimestre por parte dos alumnos de segundo curso. Non obstante, durante o primeiro e o segundo trimestre tamén se realiza, en período extraordinario, a FCT para aqueles alumnos que non superasen a tempo o resto dos módulos durante o curso anterior. Este ano temos dúas persoas que se atopan nesa circunstancia.

Levamos catro cursos nos que a FCT está condicionada pola situación COVID que arrastramos dende o mes de marzo de 2020. Isto fixo que a administración pública prevese alternativas para aqueles estudantes que non poidan realizar o módulo nunha empresa ou non poidan realizar todas as horas asignadas, xa sexa porque non se atopen empresas suficientes para todos os alumnos, porque a carga de traballo das empresa sexa insuficiente, ou porque as evolución da situación sanitaria así o requira. Ditas alternativas veñen recollidas na resolución do 27 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 6 outubro 2021):

- Desenvolver a FCT de xeito telemático dende o domicilio ou dende o centro, sempre que a actividade laboral da empresa o permita.
- Reducir a duración da FCT ata as 220 horas.
- Concentrar as horas en menos días e adiantar a finalización da FCT.
- Realizar no centro prácticas alternativas ou un proxecto substitutivo da FCT.
- Ampliar a data de finalización da FCT ata o 31 de agosto de 2023 como máximo.
- Realizar a FCT en calquera dos períodos extraordinarios do curso 2023/24 sen que isto supoña perda dunha convocatoria.

No caso de que non haxa empresas para todo o alumnado, a norma tamén prevé que se prioricen quen es teñan a media máis alta nos módulos superados antes de acceder á FCT.

Alumnado e empresas

Malia atoparnos aínda en situación COVID, o curso pasado xa se notou unha importante recuperación na actividade das empresas do eido audiovisual e musical, que foran fortemente afectadas pola suspensión dos eventos con público e a baixada de inversión das administracións públicas, que centraron os seus esforzos económicos en superar a crise sanitaria. Isto está facilitou a colocación do alumnado durante a pasada primavera, e é de esperar que, coa remisión e control do virus, a situación se volva repetir neste curso. Aínda así, estamos falando dun sector cunha alta estacionalidade, o que dificulta atopar empresas para os dous estudantes que teñen pendente realizar a FCT no período extraordinario, especialmente se atendemos ás súas limitacións xeográficas. Debido a isto, un dos estudantes terá que facer as prácticas entre o primeiro e segundo trimestre, contando para elo cunha autorización especial da Consellería de Educación. O outro estudante preferiu adiar as prácticas a un período onde sexa máis doada a colocación.

Entre os restantes 11 alumnos que están agora matriculados en segundo curso, existen algúns expedientes académicos que poden dar dificultades para cursar a FCT no período ordinario de abril a xuño. Malia isto, é preciso traballar co escenario de que todos rematen o resto dos módulos a tempo ou, do contrario, correríamos o risco de que algún alumno/a quede sen prácticas nunha empresa que, doutro xeito, tería asegurada. Por iso xa se iniciaron as entrevistas para determinar as súas preferencias en canto ao eido laboral onde queren ampliar coñecementos e á zona xeográfica á que poderían acudir. A diferenza dos cursos pasados, nesta ocasión a maioría dos alumnos amosaron interese por facer as prácticas no eido da imaxe (edición de fotografía e/ou vídeo, manexo de cámaras, efectos especiais, deseño gráfico), sendo minoritarios os que se decantan polo eido do son (gravación en estudio, control en directo, foley ou dobraxe) e inexistentes os que queren facelo no eido da animación musical ou visual en vivo (disc-jockey, proxeccións). Este curso dáse a circunstancia de que unha boa parte do alumnado desexa facer prácticas no eido da fotografía e na comarca do Barbanza, o que fomentará unha relación máis fonda do noso centro coas empresas da contorna, coas que traballabamos de xeito máis minoritario dende a implantación deste ciclo no curso 2015/16. Isto obríganos a recorrer ás antigas bases de datos de empresas coas que nos relacionabamos durante o predecesor ciclo de Laboratorio de Imaxe, aproveitando para actualizar esa información ao engadir as novas empresas que foron xurdindo nestes 7 anos e eliminando as que cesasen a súa actividade. Precisamente por isto, este é o primeiro curso no que comezamos a asinar convenios de colaboración puntuais para introducir o alumnado no eido laboral a través da meritoraxe, o que facilitará a súa posterior integración durante o período FCT e iniciará unha nova dinámica de relacións do centro co tecido empresarial máis próximo.

Fases de desenvolvemento da FCT

En canto á calendarización da FCT, xa en anteriores cursos se demostrou o éxito de adiantar o contacto coas empresas ao mes de xaneiro. Con todo, no curso 2020/21 decidírase adiantar aínda

máis esta xestión, ata o mes de novembro, motivado polos problemas detectados nas áreas de Vigo e A Coruña, onde radican boa parte das empresas galegas do sector da imaxe e o son. Estas empresas están altamente demandadas para as prácticas da gran cantidade de estudos formativos que se imparten nesas zonas relacionados co audiovisual (ciclos de FP e graos universitarios). Isto provoca que sexa difícil atopar unha praza nelas.

En consecuencia, e demostrada a eficacia do mencionado adianto, o calendario de organización da FCT queda do seguinte xeito:

- Do 19 de setembro ao 20 de novembro: titorías co alumnado para orientarlles e coñecer as súas preferencias formativas, consensuando unha posible lista de empresas coas que intentar asinar o convenio de colaboración para a realización das prácticas.
- Do 21 de novembro ao 17 de marzo: contacto coas empresas para pechar os acordos de acollida de alumnado en prácticas. Excepcionalmente, este período pódese estender ata o 24 de marzo, pero o desexable é que os acordos queden pechados con marxe para asegurar a formación en centros de traballo antes de que dea comezo. Neste período, e tratando de corrixir algún problema xurdido no pasado, as empresas que xa queden confirmadas nos meses de novembro, decembro ou xaneiro, volverán ser contactadas cada mes para comprobar que a situación laboral non cambiou, o que puidera conlevar unha suspensión do acordado. En todo caso, solicitarase ás empresas unha confirmación por escrito vía correo electrónico da súa disposición a acoller ao alumno ou alumna propostos, tratando de evitar así os acordos verbais e reforzando deste xeito o compromiso previamente adquirido.
- Do 27 ao 31 de marzo: sinatura dos convenios con aquelas empresas que aceptasen acoller a un ou varios alumnos en prácticas.
- Do 3 de abril ao 19 de xuño: realización das prácticas por parte dos alumnos, coas correspondentes supervisións periódicas realizadas polo titor: revisión de informes individualizados cada 15 días no IES e contacto mensual cos titores asignados dentro das empresas para verificar unha correcta evolución do alumnado ou as posibles incidencias que vaian xurdindo. Este franxa temporal está calculada en función das 52 de xornadas de 7 ou 8 horas que deben facer para cubrir as 410 horas, excluindo os festivos oficiais e limitando a 5 xornadas semanais máximo.
- 20 de xuño: recepción dos informes finais dos alumnos e da avaliación realizada polo titor/a na empresa.
- 22 de xuño: avaliación final do alumnado de segundo curso.

Este calendario pode sufrir modificacións, especialmente no referente ás datas de finalización das prácticas, se se entra nunha das excepcións xa mencionadas e previstas pola situación COVID.

11. PLAN ANUAL DE LECTURA

ESPAZOS, RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS PARA O CURSO 2022/2023

- A biblioteca do centro como espazo no que alumnado poderá recorrer para cubrir múltiples necesidades: espazo de lectura, de estudo, de realización de tarefas, de encontros, recursos de cinema, música, arte... O alumnado poderá utilizar a biblioteca escolar durante o tempo do recreo e en calquera sesión de clase acompañado dun profesor responsable.
- Todas as aulas de materia disporán, como mínimo, dun dicionario de galego, de castelán e de inglés para poder traballar a lectura comprensiva durante as sesións de clase.
- O alumnado, principal axente deste plan, é arredor do cal xira a maioría das propostas, recomendará novas lecturas e colaborará no préstamo. Contamos cun grupo alumnos e alumnas axudantes de biblioteca, de distinto cursos.
- As familias, que terá un importante papel na motivación, no desenvolvemento e na consolidación de hábitos lectores e que pretendemos incorporar de forma progresiva para, tamén desde a casa, fomentar bos hábitos. Durante o presente curso traballaremos coas mochilas viaxeiras.
- O profesorado proporcionará as estratexias necesarias para a adquisición das competencias lingüísticas, para aprender a aprender, motivará a lectura e a escritura e propondrá actividades variadas. Ademais, colaborará e participará como axente motivador nas diferentes propostas que se farán ao longo do curso.
- O Equipo de Biblioteca, estará formado polos seguintes profesores: Pilar Melcón (coordinadora, Música), Gloria Rivas (Filosofía), Concha Sabucedo (Xeografía e historia), Dunia Janeiro (Lingua castelá), Nacho Rodiño (Lingua Galega), Elena Martínez (Francés), Mónica Martínez (Lingua Galega) e Vicente López (Inglés). Ademais deste equipo temos como colaboradores María Ocampo (Lingua Española), Silvia García (Lingua Galega). e o profesor de tecnoloxía Felipe Roget, que axudará nos aspectos TIC da biblioteca.
- Outros recursos materiais cos que poderemos contar:
 - O material curricular do alumnado
 - Os ordenadores e o acceso a Internet
 - Orzamento destinado á biblioteca

- ACTIVIDADES PROGRAMADAS

- Por parte do equipo da biblioteca:

Este equipo apoiará as actividades relacionadas coa lectura e a comprensión, a expresión oral e expresión escrita polo que organizará e proporá actividades como:

- Asesoramento e préstamo, formación de usuarios, lecturas nos recreos, recitais poéticos, concursos que implican directamente ao alumnado.
- Fomento das capacidades, das competencias básicas e do uso das TIC a través do manexo do portal de Coho na rede, emprego dos equipos informáticos da biblioteca, e busca de información.
- Motivación, ambientación e decoración de espazos con exposición de fondos para as diversas conmemoracións e temáticas traballadas ao longo do curso escolar (Día das Bibliotecas, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Día de Rosalía, etc.), en colaboración cos departamentos didácticos.
- Ademais desas actividades tamén se encarga do rexistro, catalogación, expurgo, selección e adquisición de novos fondos, xestión e organización da biblioteca, formación de colaboradores, exposición e difusión de fondos, guías de lectura ...

- Por parte dos departamentos didácticos:

- Lectura de obras completas (mínimo, unha por trimestre en cada curso) nos departamentos de Lingua Galega e Lingua Castelá. Estas lecturas están recollidas na programación de cada departamento.
- Lectura de textos pertencentes a variados ámbitos de uso, especialmente ao académico (en todas as materias e niveis).
- Recomendación de lecturas que incidirán positivamente no incremento da nota trimestral, nos departamentos de Lingua Galega e Lingua Castelá.
- Encontros con autores e autoras, propostos polos departamentos (Lingua Galega e castelá)
- Asistencia de alumnado a actividades organizadas polo concello, ou pola biblioteca municipal. Posibilidade de visitar algunha feira do libro ou biblioteca.

- TRABALLO DESDE AS MATERIAS

Todos os departamentos didácticos traballarán a competencia en comunicación lingüística, co cal incluírán distintos tipos de estratexias na programación didáctica do das materias:

- Dedicarán un tempo diario á lectura durante as clases.

- Crearán os primeiros itinerarios lectores, que se incorporarán como suxestións de lectura para o verán.
- Crearán materiais para mellorar a competencia lectora. Os departamentos prepararán materiais específicos para as materias que se impartan seguindo uns modelos comúns que permitan darlle un enfoque común e facer un seguimento das actividades realizadas.
- Usarán todo tipo de textos en diferentes soportes. A biblioteca continúa e continuou durante todo o curso pasado, subscriba a múltiples revistas de diferentes materias...
- Ensinarán a definir, de forma escrita e oral, o léxico básico que se manexa a diario en cada materia.
- Traballarán a comprensión lectora.
- Potenciarán a lectura individual e colectiva de textos na clase.
- Practicarán a oralidade: resumos, comentarios, debates, exposicións.
- Esixirán a necesidade de expresarse correctamente por oral e escrito, adecuando o vocabulario á materia e ao contexto.
- Colaborarán na formación documental do alumnado, por medio de traballos individuais ou en equipo, nos que aprendan a manexar información de diversas fontes e a presentar un traballo.
- Esixirán unha boa presentación, así como o respecto ás normas ortográficas e de puntuación na elaboración dos textos (nos traballos, nos exames...), fixándose en non mesturar castelán e galego, pois cométense demasiadas interferencias.
- Incluirán nas probas de avaliación diversos tipos de preguntas que esixan demostrar as competencias adquiridas: preguntas de resposta inmediata, exercicios de relacionar os conceptos traballados, interpretación de gráficos, mapas, textos...

A Dirección do centro informa que presentou este documento ao **Claustro**, e posteriormente ao **Consello Escolar**, que foron convocados no seu momento, para a súa consulta e aprobación, respectivamente.

As programacións dos diferentes Departamentos Didácticos xa foron enviadas no seu momento seguindo instrucións da Sra. Inspectora do Centro.